

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

EXTRACTO da Orde do 27 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas privadas, en réxime de concorrência non competitiva, para a loita contra as enfermidades profesionais, en especial as derivadas da exposición ao po e ao ruído, no sector mineiro en Galicia, e se convocan para o ano 2021 (líña de axuda B) (código de procedemento IN317A).

BDNS (Identif.): 547021.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

Empresas privadas que, dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, realicen actividades reguladas pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e contén co título de carácter administrativo que resulte preceptivo para o desenvolvemento das ditadas actividades ou, cando proceda, coa conformidade do órgano administrativo correspondente, todo o cal poderá ser comprobado de oficio pola Administración.

Considerarase empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica. En particular, consideraranse empresas os empresarios persoas físicas que exerzan actividades a título individual ou familiar, así como as sociedades de persoas que exerzan unha actividade económica de forma regular.

Segundo. Obxecto

Aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de axudas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ás empresas mineiras que desenvolvan a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa convocatoria para o ano 2021, que teñen por obxecto incentivar a aplicación de tecnoloxías innovadoras e a implantación das mellores técnicas e medidas organizativas dispoñibles



para a loita contra as enfermidades profesionais, en especial as que se poidan derivar dunha exposición prolongada ao po e ao ruído, no sector mineiro de Galicia, a través de dúas liñas de actuación:

As axudas que correspondan a actuacións encadradas na liña B serán para o financiamento dos investimentos destinados a mellorar as condicións laborais, especialmente as relativas á redución da exposición ao po e ao ruído dos traballadores nos seus postos de traballo.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Inclúense no anexo I da Orde do 27 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas privadas, en réxime de concorrencia non competitiva, para a loita contra as enfermidades profesionais, en especial as derivadas da exposición ao po e ao ruído, no sector mineiro en Galicia, e se convocan para o ano 2021 (liña de axuda B) (código de procedemento IN317A).

Cuarto. *Contía*

O crédito destinado para as axudas da liña B é de 508.419,50 euros (50 % do crédito consignado a esta convocatoria).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes e comezará o décimo quinto día hábil posterior a aquel en que se publique esta orde no DOG, e concluírá no mes de vencemento o día ordinal anterior ao día en que comezou o prazo.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2021

Francisco José Conde López
Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía,
Empresa e Innovación

CVE-DOG: unj181e4-zwz7-hqx4-jwv1-y/8nsjy4iwo8

